Manuel Rodríguez López
Hortal 54
Barcelona-16

Barcelona 8-I-70

Sr. Dn. Ramón Otero Pedrayo
Trasalba - Orense

Moi apreciado Dn. Ramón:

Trasantonte recibín a sua carta con promesa dontra pra falar do meu libro, cando teña un anaquiño de tempo libre. Eu estaba a ler o seu libro "Arredor de si" que foi a mellor regalía que me trouxeron os Reis. E agardéi a rematar a leutura pra dar contesta á sua atenta. Agora, baixo os afectos ademirativos e de un gran descubrimento, non teño outras verbas a non ser as do agradecemento a Vd. por ista novela — pra min, e a maoría, nova — que nos fai orgulosos da nosa caste e transfórmanos coma a cantiga do Cristo de Fisterra ao seu protagonista. Que fidalgo mais enxebre nos pinta D. Ramón! Se todos foran coma il, Galicia non estaría oxe inzada de silveiras. ~~Rolan~~ ~~mans~~ Aveira de Adrián percorrín toda a Europa nun via inesquecible.... E polas mans do noso mestre Dn. Ramón que coido será o verdadeiro protagonista do biografiado fidalgo galego, lembréi as miñas chegadas á patria, na vacanción, dende esta Cataluña que tanto quero a pesares da door do vivir obligado lonxe da terra.

Mándolle copia de algunhas críticas do meu libro. ~~Hall~~ Lamento que LA REGION - LA VOZ de GALICIA - El ideal.... etc non se teñan feito eco tamén. Inda que seña cativo, coido que canto esteña feito con verdadeiro amor á terra debía ecoar con mais ou menos forza dende os xornales.

Perdoe o tempo que lle furto e reciba a miña

"Pandeirada" 17-XII-970
Radio España de Madrid    Autor: José Ramón y Fernández Oxea
BEN CHO SEI

Dedicaremos nuestro comentario de hoy a los dos libros editados ultimamente por Ediciones Celta, de Lugo. Cronológicamente el primero es un libro de poesías titulado SAUDADE NO BULLEIRO, del que es autor Manuel Rodríguez López, poeta de gran sensibilidad y que pulsa brillante y valientemente su torva lira.

Manuel Rodríguez López es un gallego da Terra Chá que vive emigrado y trabajando en Barcelona con todas las consecuencias del hombre que, para subsistir, tiene que ganarse el sustento lejos de su tierra de la que siente saudade no bulleiro de la gran ciudad. De la

Cidá, xigante cimiterio
de milleiros de coves,
avenidas e ruas,
asfalto, coches, clásons, présas tolas.
¿Qué che fixen, ingrata, pra conmigo
amostrarte asañosa?

Meiga chea de achaques,
podre por dentro, virxen por fora,
non me queiras tentar.
A min non me engaiolas.

El poeta evoca su niñez lejana:

Sinto a nenez lonxana,
arrebolando na eira,
xogando cun balón feito de trapos,
un tiracoios i aquil carromato.
. . . . . . . . . . . . .
Recordo enxamios de meniños
a correr ceibes, polos nosos eidos
berrando forte
voces galegas, voces de onte,
voces de hoxe, de sempre.

Y reacciona contra la injusticia social en verso restallante, denunciador de lo que les espera a esos niños gallegos diciendo:

Prós nosos meniños agromon, coitados
futuros de bágoas con fel mesturados:
Ni escolas ni industrias, nin cencia ni abeiro.
Un corgo lles queda: Fuxir ó extranxeiro!

La musa valiente de Rodríguez López sigue el camino trazado por Curros Enriquez cuando dice: "onde haxa virtú, bicade, - onde haxa vicio, feride".

SAUDADE NO BULLEIRO es un libro enérgico, veraz y dolorido que dejará una profunda huella en sus lectores quienes habrán de agradecer al autor su sinceridad y su buen decir de poeta de esta hora en que todos anhelamos un obrente de justicia social. Nuestra enhorabuena a M. Rodríguez López.

FARO DE VIGO
29-XI-70

**MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ: "Saudade no bulleiro". Ediciones Celta. Lugo, 1970. Nota-prólogo de Roger Caninio.**



Un feixe de poemas, divididos en tres partes —ainda que a temática é común ás tres: "A terra é un cruceiro", "A diáspora", "O bulleiro da cidá". Hai un esprito de protesta a favor dunha xusticia humán nistes poemas, e un refugo da cidade do noso tempo, "xigante cimeterio de milleiros de covas", a cidade que co seu "meigullo ás xuventudes arrinca das paternas chouzas". Poemas contra a emigración, contra o ídolo matador de touros, contra o burgués —¡probe burgués!—, etc. O autor revólvese contra algo, anda inquedo, quere, e iso é o millor, unha xusticia, unha fraternidade sin mácula, a sociedade de hoxe afoga á xente... Sin dúbida, o millor poema do libro e a "Cantiga de escarnio do mar". O mar, "empoleirado capón das mil cristas/que fungas arredo, lerchán i arriscado"... O libro leva no final un vocabulario que nos fai pensar que o autor, do que nada se nos dí, é un chairego de Lugo, vocabulario dun grande interés. A portada do libro está debuxada por Díaz Pardo.

# "SAUDADE NO BULLEIRO"

*Manuel Rodríguez López, el poeta lucense, hace ahora su segunda salida al mundo de la poesía gallega, con un nuevo libro titulado "Saudade no bulleiro", pulcramente impreso por "Ediciones Celta", de Lugo.*

*Poemas intimistas en la forma, pero proyectados al exterior, al entorno del poeta, que siente los problemas actuales de nuestra tierra, que se expresa en un gallego limpio, sencillo, comprensible para todos, hasta para "os neniños", que él vio correndo por nuestros campos, gritando voces en la lengua matricia, ya empleada por sus abuelos.*

*"Saudade no bulleiro" tiene, dentro de una temática empleada ya por otros poetas lugueses, una originalidad grande, tanto en la imagen como en la presentación del tema. El poema titulado "Cidá, xigante cimiterio", es una radiografía un poco amarga, pero certera, de lo que la ciudad da a la juventud de hoy; a lo que puede agregarse también la censura por el marasmo y el embotellamiento frente a la invasión de lo deportivo en la mentalidad de las gentes, que endiosan personajes, como lo hace la música distorsionada y contorsionada y como lo hacen las corridas de toros.*

*Manuel Rodríguez López es poeta. Como tal enfoca lo que ve. Y, por tanto, tras la pantalla de un realismo muy acusado, está un idealismo que eleva cada palabra. Le ahoga la ciudad. Y lanza el grito angustiado de "boto de falla o terrón", como una liberación de esa especie de cárcel ciudadana en que vive.*

*El libro lleva una breve presentación en catalán y castellano, hecha por Roger Caninicio, que ha sabido calar en el significado de "Saudade no bulleiro", con su carga sentimental y sus "anceios" referidos a Galicia y a sus gentes.*

*Felicitamos a Manuel Rodríguez López por esta nueva publicación, que le pone en la meritoria línea de los otros poetas lucenses, que están dando a las letras gallegas un gran valor y un gran contenido.*

J. T. P.

El Progreso
DIARIO DE GALICIA EDITADO EN LUGO
1-XI-70